

## PATRIMONIO E SOCIEDADE

## COBAS: DA TRADICIÓN Á MODERNIDADE... RELIXIOSA



Texto

Rosa Méndez Fonte  
Especialista en Patrimonio  
Doutora en Humanidades

**E**stas últimas semanas tiveron lugar na parroquia de Cobas unha serie de feitos que, en principio, sorprenden pola insólita actitude dos sacerdotes que están á súa fronte. Confeso que o meu coñecemento provén fundamentalmente das páxinas deste mesmo diario, que, día

tras día, nos foi informando dese –só aparentemente “trivial”– conflito entre fregreses e párrocos. Un conflito que parece xurdir de dúas formas de entender a espiritualidade relixiosa: a primeira –a dos veciños e veciñas– relacionada coa tradición e o convencemento da defensa do que “sempre foi así”, e a segunda entendida dende un estrito modo de materializar a fe cristiá. Dúas linguaxes diferentes; tanto, que dificilmente poden chegar a compartir algún dos significados das súas mensaxes; ou alomenos iso semella.

Os fregreses reivindicán no seu templo aquelas imaxes, mural do presbiterio ou obxectos relixiosos (sagrario e expositor incluídos) que durante toda a súa vida “estiveron aí”, fronte ós seus rezos, fronte ás súas peticións e incluso fronte ás súas formas de dar as grazas, cando así o requeriu o momento. Hai tamén que engadir que estes obxectos posúen un segundo valor: o artístico, a ter en conta nun tempo en alza da concienciación da conservación do patrimonio que nos é propio e identifica. Un valor que, ademais, adquire maior consideración “de seu” cando, en non poucas ocasións, foron os propios veciños os que costearon a meirande parte das imaxes, xunto coas súas restauracións ou amaños puntuais. Así pois, estamos ante a defensa de tres valores que, dificilmente, vai ter unha réplica axeitada que chegue a convencer a eses veciños da

parroquia que non admiten cambios súpetos nin imposicións pouco convincentes: o valor relixioso, o valor tradicional e o valor artístico.

Fronte todo disto, debo supoñer que os representantes da Igrexa (pertencentes á comunidade católica de Servidores do Evanxeo da Misericordia de Deus; que aínda non sei moi ben a que sector pertencen, pero si semella que son ben “recentes”, por terse fundado a súa comunidade no ano 2002) están a defender un valor exclusivamente relixioso ou espiritual, partindo dunha estrita pureza de culto que apenas ten algo que ver co que vén sendo habitual na nosa tradición relixiosa. O que non quere dicir que os fregreses non entendan os significados da súa mensaxe: todos saben que Virxe María non hai máis que unha, sen que en modo algún

supoña idolatría a presenza de varias imaxes desta no templo, con diferentes nomes e atribucións; algo que a mesma xerarquía católica chegou a fomentar ó longo da súa máis afastada e ata recente historia.

**“Non se pode cambiar a mentalidade dunha comunidade dun día para outro”**

Non, simplemente é cuestión de tradición, e para que esta desapareza debe existir previamente un pasenño, esmorecemento, e só así poderá existir unha morte en paz; dito doutra forma, non é posible cambiar a mentalidade dun determinado sector social dun día para outro e moito menos con procedementos expeditivos e unilaterais.

Igualmente, esta pureza de comprensión relixiosa semella batir frontalmente coa presenza en toda Galicia de boetas adicadas a diferentes santos e virxes, nas que os fregreses deixan as súas esmolos, mesturadas con diferentes peticións ou agradecementos; por non falar das romerías adicadas a un amplo número de virxes; pero ¿é que hai alguén disposto a suprimir a festa da Virxe do Carme? ¿Ou o culto á Virxe das Dores na Semana Santa? Exemplos ben simples que, xa en principio, nos fan pensar que, unha de dúas, ou os diferentes templos parroquiais galegos están dirixidos erroneamente ou o que está a ocorrer en Cobas é algo insólito, dentro da actual tradición relixiosa de Galicia.

Persoalmente, comprendo mellor a postura dos fregreses que a dos párrocos. Quizais porque o que defenden os primeiros está directamente ligado á nosa cultura relixiosa, ás nosas tradicións e –no que toca ó meu campo de traballo– a un patrimonio que, en principio, pertence a esa comunidade



que o conservou e lle deu sentido ó longo das décadas. Por iso, os feitos ocorridos nas últimas semanas non son máis que a reacción lóxica e predicible daqueles e daquelas que defenden o que sempre defenderon e conservaron e, neste momento, non fan máis que loitar porque non desapareza. Aspectos todos eles dignos de loubanza e que definen a unha comunidade combativa no momento en que algún que-re despoxala daquilo que, en principio, representa o seu sentir.

Certamente, vivimos nunha cultura na que o aspecto pseudosupersticioso da fe popular abonda sobradamente –dun xeito consentido, cando non potenciado pola Igrexa– e aí están unha morea de exemplos como os Milagres do Monte Medo, os de Amil ou un San Expedito obxecto de especial devoción na nosa cidade, por non lembrar aquel San Felicísimo xacente que portaba un peto e ía de casa en casa cunha evidente misión recadatoria. E como remate, quede aquí o fragmento dun cantar que todos coñecemos: “Se vas a San Benitiño, non vaías ó de Paredes, que hai outro máis milagreiro: San Benitiño de Redes”, reflexo folclórico dun xeito de sentir que, de ningún modo, pon en dúbida os coñecementos relixiosos ou a fe cristiá. Simplemente, para achegarse realmente a nós, hai que tentar coñecernos en profundidade e, por suposto, tratar de evitar imposicións categóricas marcadas “polo libro”.

Sagrario e expositor –abaixo– e imaxe de Santa Bárbara (provinte da capela dos antigos cuarteis de Cobas)

